

A CIDADE E OS ESTILOS ARTÍSTICOS

A CIDADE E OS ESTILOS ARTÍSTICOS

**Grupo PHI do Instituto de Educación Secundaria de Poio
(Pontevedra)**



Outono-inverno de 2008-2009

Ana María García Lores
Tara González Gómez
Soraya Martínez Piñón
Pablo Poceiro Casás

ÍNDICE

1. Introducción.
2. As orixes de Pontevedra.
3. A Pontevedra medieval.
4. Vida mariñeira e arte gótica.
5. O esplendor económico: os séculos XV e XVI.
6. O porto échese de area: a decadencia e o barroco.
7. Do neoclásico ao eclecticismo pontevedrés.
8. A modo de epílogo. Enquisa sobre o patrimonio monumental de Pontevedra.
9. Bibliografía e outras fontes.

1. Introducción.

A CIDADE E OS ESTILOS ARTÍSTICOS é un intento de achegarse ao estudo dunha vila –logo cidade- a partir da súa evolución económica e o reflexo na arte, particularmente na arquitectura e na escultura.

A elección de Pontevedra débese a que todos nós estamos vencellados a ela, ben porque temos familiares alí, facemos as nosas compras ou divertímonos nos momentos de lecer, sen esquecer que se trata da cidade máis cercana ao noso concello.

Pontevedra é unha pequena cidade duns 80.000 habitantes¹ que conserva un patrimonio monumental digno de terse estudado. As rúas antigas, o barrio mariñeiro, as prazas cos seus blasóns, as casas de pedra, que semellan ás que podemos atopar nos barrios centrais de Lugo, Santiago e Ourense, a súa muralla medieval, hoxe en parte recuperada, as súas igrexas e pazos, as ruínas dos seus conventos, que lembran a presenza das ordes mendicantes en Pontevedra xusto no momento en que cobraba pulo a economía de Pontevedra, sempre dentro duns límites.

O barroco está representado, sobre todo, pola igrexa dos xesuítas de San Bartolomé, construída a partir das rendas que un frade pontevedrés, nas misións en Perú, deixou para a súa contrución. Pero tamén os pazos urbanos, un dos cales está ocupado, dende a primeira metade do século XX, polo Museo de Pontevedra. A esta institución tivemos que recorrer para obter datos sobre a Misión Arqueolóxica de Pontevedra, alicerce do futuro museo, así como á consulta de obras como *Pontevedra, cidade amurallada*², a *Historia de Pontevedra*³, a *Historia de Pontevedra* de Antonio de la Peña, Juan Juega Puig e Luis López de Guereñu Polán, as consultas que fixemos ao citado Antonio de la Peña, arqueólogo do Museo de Pontevedra, así como outras fontes, entre as que destacamos estudos que se teñen feito sobre San Domingos, o de Juan Juega Puig sobre Santa María a Maior, o do profesor Filgueira Valverde sobre o gremio de mareantes de Pontevedra e,

¹ Segundo o padrón municipal a 31 de decembro de 2007.

² Juan Juega Puig, Antonio de la Peña e Enrique Sotelo Resurrección.

³ Xosé Fortes Bouzán, *Historia de Pontevedra*.

antes incluso, a documentación que reuniu Castro Sampedro Folgar⁴, verdadeiro fundador do Museo de Pontevedra.

Unha enquisa sobre o grao de coñecemento que a poboación ten da riqueza monumental de Pontevedra, así como a correspondencia cos fitos máis importantes da súa historia, revelounos algunhas sorpresas que debemos ter en conta para o futuro. O grupo PHI, nome que escollimos por recomendación da profesora de Grego, Doña Josefina Fuentes, fai referencia a *Phidias* (Fidias), o grande artista grego do século V antes de Cristo, quen determinou as proporcións por el consideradas como ideais do Partenón na croa de Atenas. Tamén debemos agradecemento ao profesor de Lingua Galega D. Pablo Viqueira, quen revisou o traballo unha vez redactado, e ao profesor D. Francisco García Recamán, quen nos axudou para compactar as imaxes co texto escrito. O grupo, do que formamos parte catro alumnos de 2º curso de bacharelato, modalidade de Humanidades e estudantes de Historia da Arte, contou coa dirección do profesor de dita disciplina D. Luis López de Guereñu Polán.

2. As orixes de Pontevedra.

As primeiras referencias que se teñen de Pontevedra son as que fan alusión a Turoqua, unha mansión ou lugar de paso na XIX vía romana que unía Brácaro con Lucus na ribeira do río Lérez. Pero logo disto, e coa crise que asolou a todo o imperio romano durante o século III, Pontevedra deixa de existir incluso como un simple lugar no mapa que non acadara aínda relevo económico nin urbanístico⁵. A vía XIX viña dende Tude (Tui), pasando por Turoqua, Aquis Celenis (Caldas de Reis) e Iria, perto de Padrón para bifurcarse en dirección norte e nordés.

⁴ *Colección de documentos para la Historia de Pontevedra*. (Só consultamos algúns: os máis directamente relacionados co noso traballo).

⁵ A carón da ponte do Burgo atópase un miliario romano que mostra a súa monumentalidade e o deterioro sufrido polo paso dos anos. No Museo de Pontevedra puidemos ver outros miliarios romanos atopados en xacementos próximos a Pontevedra. Un é do século II, pois fai referencia ao emperador Adriano, outro do século III, con referencia a Caracalla. Tamén son do século III os que citan a Máximo e Maximino.

Cando visitamos a Casa do Concello de Pontevedra, e lemos a inscrición que figura na escaleira central (véxase imaxes), dámonos conta da diferenza entre mito e realidade:



FVNDOTE TEUCRO VALIENTE
DE AQVESTE RÍO EN LA ORILLA
PARA QVE EN ESPAÑA FVESES
DE VILLAS LA MARAVILLA⁶.

[DEL ZEBEDEO LA ESPADA
CORONA TV GENTILEZA
UN CASTILLO PUENTE Y MAR
ES TIMBRE DE TV NOBLEZA]

Segundo Antonio de la Peña, arqueólogo do Museo de Pontevedra, pouco se pode dicir das características urbanas da mansión Turoqua. O feito de que non existan restos de ocupación anterior no lugar obríganos a supoñer unha fundación romana “ex novo”. Trátase dun conxunto de edificacións de pouca importancia nos arredores da zona do río para facilitar aloxamento aos transeúntes que circulasen pola vía romana en dirección norte sur ou viceversa. Certo tempo despois construíríase a ponte, no lugar no que ocupa na actualidade a chamada do Burgo, posterior evidentemente. Hoxe, cun labor intenso de traballos arqueolóxicos, estanse revelando miliarios, restos de construcións e tumbas en

⁶ Unha lápida de finais do século XVII gárdase no Museo de Pontevedra con esta inscrición, a cal pudimos ver durante o noso traballo.

diversas partes próximas ao río, unha das cales está na súa mesma beira. Os estudos sistemáticos da documentación arqueolóxica extraída destes xacementos revelarán máis datos sobre a nosa Turoqua.

3. A Pontevedra medieval.

Cando na segunda metade do século XII o burgo da mostras de certo pulo, os reis e señores queren afianzar o dominio sobre as terras conquistadas e, co afán repoboador da época, Fernando II concede unha serie de privilexios á vila, co que moitos habitantes acoden a ela. O documento onde se fixeron constar estes privilexios chámase carta de foro. Era o ano 1169. Os privilexios dos habitantes da vila de Pontevedra, a partir deste momento, axudan a desenvolver a vida económica: exención de tributos, maior liberdade individual... Aínda que Pontevedra pertencía ao señorío do arzebispo de Santiago, o foro de que gozaba permitía aos seus habitantes sentírense máis libres que a poboación do medio rural e doutras vilas. Intentamos ver restos –que se conservan en fotografías consultadas- do camiño medieval que aproveitou a calzaza romana (vía XIX), pero non nos foi posible polo pouco coidado posto polas autoridades. Atopábase ao norte da cidade, no barrio chamado O Burgo. Celso García de la Riega tentou reconstruír o entramado urbanístico de Pontevedra a finais da Idade Media.: véxase o gráfico, do que se atopa o orixinal no Museo de Pontevedra.



O burgo inicial de Pontevedra estivo na ribeira do río Lérez, de forma que a ponte do Burgo, así chamada por antonomasia, pois foi a primeira, servía de comunicación entre os que chegaban á vila dende o norte. As rúas e casas subían ata San Bartolomé o Vello, así chamada unha igrexa que xa non existe e sobre o solar da que se levantou, no século XIX, o edificio do casino. Pode verse o plano de Agustín Portela, debuxante e arquitecto que deixou a súa pegada durante o século XX na cidade.

A muralla medieval percorría as actuais rúas de Arzobispo Malvar, pasando fronte a alameda (onde se atopa a Casa do Concello era a *porta da vila*), seguía pola rúa Michelena e logo baixaba ata o río polas actuais rúas de Cobián Roffignac e Padre Amoedo, deixando intramuros o solar onde se atopa agora a igrexa xesutítica de San Bartolomé, e a extramuros a igrexa de San Domingos, hoxe en ruínas pero dependente do Museo de Pontevedra, xunto coa horta de dita igrexa, que hoxe é alameda pública. En canto ás murallas, sufriron ampliacións ao longo dos séculos. A mediados do século XIX, cando se levanta o plano de Pontevedra (chamado de Coello), pouco antes de comezar o derrubo da muralla, aparecen zonas dedicadas a hortas e descampados nas súas proximidades. Segundo algúns autores,⁷ ao atravesar a ponte do Burgo, chegábase a unha torre defensiva a partir da cal estendíanse os lenzos da muralla polo norte da cidade. Na torre abríase unha porta, pero non era a única, pois aínda se teñen localizado a torre de Santa Clara, a torre do Ouro e o torreón do Berrón. Un dos lenzos da muralla pasaba xusto por detrás da cabeceira de San Francisco, deixando ver a súa ábsida e os brazos do cruceiro. Intramuros desenvolvíase a vida con maior liberdade que no medio rural, aínda que campo e vila estaban relacionados moitos máis que na actualidade⁸.

Sen que poidamos adiviñar cal sería o futuro de Pontevedra sen o foro recibido do rei Fernando II, o certo é que os privilexios concedidos nel contribuíron moito ao seu desenvolvemento, ata o punto de que os especialistas consideran ao mesmo un fito na historia local.

A morfoloxía urbana, máis abigarrada no interior, configura rúas tortuosas en parte, estreitas, empedradas moi cedo, pois as abundantes chuvias así o esixían. As canteiras de granito da Terra de Montes, que circunda a Pontevedra, permitiron que chegaran as pedras para ser



⁷ Celso García de la Riega. *Galicia antigua...*

⁸ Véxase a obra de José Armas, *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo...*, 1992.

traballadas por canteiros na propia cidade, por iso temos unha praza perto do río chamada da Pedreira. Igualmente as casas, dunha ou dúas plantas, algunhas de tres, son de pedra, distinguíndose pronto as que pertencen á fidalguía medieval e as que serven de morada ao común dos pontevedreses da época. Esta muralla foi obxecto de investigación arqueolóxica nos últimos anos, ata o punto de que se coñecen dela varios panos tanto no exterior como no interior de edificios comerciais.

4. A vila mariñeira e a arte gótica.

Na investigación que levamos a cabo puidemos ler que as ordes mendicantes son aquelas que non se contentaron coa vida contemplativa do monacato medieval, e decidiron saír ás cidades para predicar e vivir da esmola que os fieis quixesen dar aos monxes. As máis importantes son a orde dos franciscanos e a dos dominicos, ámbalas dúas con presenza en Pontevedra dende o século XIII, e mesmo as igrexas de San Francisco e S. Domingos deben a súa fábrica a dito século e á centuria seguinte. Pontevedra era xa unha vila volcada ao mar, completando a súa economía co comercio como centro dunha comarca á que afluían veciños da península do Salnés e da Terra de Montes sobre todo.

Desenvolvéronse entón as artes de pesca que darían á vila a importancia que terá nos séculos seguintes. Elisa Ferreira Priegue cita as poboacións que adquiriron importancia na época: Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Betanzos, A Coruña, Muros, Noia, Padrón, Pontevedra, Baiona, Tui e A Guarda. Os reis protexían a pesca do intrusismo exterior, pero non puideron evitar que os portos que pertencían a nobres e bispos participasen tamén dos permisos para as pesquerías. O principal beneficiario desta señorialización foi o arzebispo de Santiago, quen a mediados do século XIV, cando xa os dominicos construíran o seu convento en Pontevedra, ostentaba a administración de boa parte dos portos das rías Baixas.

Os portos máis importantes durante os séculos XIV, XV e XVI eran os da Coruña, Muros, Noia e Pontevedra. As ordenanzas dos gremios reflicten a estrutura das primeiras confrarías: eran as que fixaban os prezos na comercialización da pesca, os dereitos de

salgadura, redes permitidas, vedas, etc. A pesca da época era preferentemente de baixura, sendo a sardiña a principal captura, sobre todo na ría de Pontevedra, do que se farán eco Martín Sarmiento e José Cornide, ilustrados galegos do século XVIII.

Mentres a sociedade pontevedresa configúrase da maneira que estamos dicindo, franciscanos e dominicos constrúen os seus conventos. Os primeiros intramuros, cunha grande igrexa dunha soa planta, como é común en dita orde, sinxela como querían os seus patrocinadores, cos vans oxivais propios do estilo gótico e a cuberta sen bóveda. Ao lado, o edificio conventual, restaurado posteriormente e que sería obxecto de desamortización durante o século XIX para pasar a ser a sé da Delegación de Facenda⁹. A cabeceira da igrexa de San Francisco foi tapada por construcións durante o século XIX: varios proxectos para recuperar a vista desta parte da igrexa non deron resultado ata agora.

Segundo Filgueira Valverde¹⁰ a primeira doazón que recibe a obra é de 1274, pero xa dende décadas atrás comezaran as obras. O maior interese téñeno os sepulcros desta igrexa, destacando o de Paio Gómez Charinho, cuxa labra débese a algún mestre da Terra de Campos. Charinho participou nun episodio da expansión cristiá en Andalucía durante o século XIII: en 1248 dirixiu como almirante unha flota na toma de Sevilla. Como xa ocorrera no século XII, a importancia do Camiño de Santiago levaba a artesáns e mestres de obras dun lugar a outro, documentándose francos ao longo do camiño e na mesma Pontevedra. Na nave atópase o sepulcro de Juan del Castillo, pero é de época moi posterior, pois está datado a finais do século XVII, e posiblemente se debe ao gran mestre compostelán Domingo de Andrade, o mesmo que rematou a torre do reloxo ou “Berenguela” na catedral compostelana.

Unha familia fidalga era a propietaria do terreo onde se construíu a igrexa de San Francisco, pero as obras da fábrica actual pertencen a varios séculos, ata o punto de que no XVIII se substituíu o claustro medieval polo actual. A fachada da Delegación de Facenda,

⁹ Non deixa de ser curioso que o departamento ministerial encargado das desamortizacións quedara co edificio máis notable de Pontevedra no século XIX.

¹⁰ *Pontevedra, síntesis histórica, artística y monumental.*

anexa á igrexa e que, como dixemos, era o convento franciscano, é a que correspondía á Porta da Vila a finais do século XVIII, obra de Antonio Souto.

O fermoso rosetón da fachada principal de San Francisco revela o gusto gótico, a necesidade sentida a partir do século XIII de encher os templos de luz, ao cal responde tamén o peralte dos vans oxivais da cabeceira. A tracería do rosetón, de gran fermosura, revela a presenza en Pontevedra de artistas notables, aínda que non tan monumental coma noutras igrexas góticas.

As ruínas de San Domingos conservan a cabeceira da igrexa conventual, con cinco ábsidas que delatan a existencia, no seu tempo, de varias naves. Os vans son tan peraltados que os de San Francisco, cunha labra dos sillares certamente meritoria. Ao carón da igrexa espallábase a horta do convento, que chegaba casi ata a beiramar. Hoxe é a alameda pública de Pontevedra, un dos espazos urbanos máis salientables da cidade, que se configurou grazas á xestión política da burguesía dirixente do século XIX. Era esta unha clase culta nalgun dos seus membros, que soubo comprender a importancia que para a expansión de Pontevedra tería a recuperación daquel espazo. O lugar da igrexa –agás a cabeceira que se conserva- está ocupado dende o ano 1927 polo Instituto de Educación Secundaria “Valle-Inclán”, xa nun estilo ecléctico, aínda que distinto ao que Sesmeros imprimiu no palacio da Deputación provincial.

Observando a cabeceira de San Domingos non podemos deixar de pensar que estamos nun momento de esplendor das ordes mendicantes e de certo desenvolvemento urbano da vila de Pontevedra: contrafortes que rebaixan o seu grosor segundo alcanzan unha altura propia do gótico, vans moi peraltados que prestan unha gran verticalidade á obra, como se se quixese apuntar ao ceo, cun sentido de espiritualidade distinto do románico: neste, grosos muros e interiores escuros, na igrexa de San Domingos, espazos interiores abertos e elevados, demostrando os avances técnicos coñecidos na época. Os canteiros teñen demostrado nesta obra unha gran destreza: nos estreitos muros, nas arcadas, nos canzorros e nos perpiaños.

No interior da igrexa, hoxe ao aire libre por tratarse das ruínas do testeiro, atópase a escultura xacente de Don Paio Gómez de Soutomaior, embaixador de Enrique III de Castilla ante o Gran Tamerlán. Pero tamén tivemos ocasión de comprobar que dito persoeiro cometeu abusos contra os veciños de Pontevedra, extorsións e esixencias que o seu fillo tivo que comprometerse a resarcir¹¹. Este fillo, Suero, tamén está sepultado nun sartego que se atopa nas mesmas ruínas de San Domingos, tocado, con armadura e gran espada, símbolo dun estamento social hoxe tan irrecoñecible. Pero unha das cousas que máis nos chamou a atención foi a inscrición sepulcral de Don Tristán de Montenegro na ábsida da igrexa de San Domingos. Éste morreu en 1479, cando tentaba someter a vila de Pontevedra ao arzebispo de Compostela, entón baixo o poder do cruel aristócrata Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido como *Pedro Madruga*. Estamos en pleno conflito social: nobreza contra nobreza, esta contra a xente *menuda*, os reis tentando fortalecer a institución monárquica, mentres as xentes traballadoras seguían a súa vida, moitas veces alleas a tales pendencias.

Outra obra gótica é o convento e igrexa de Santa Clara, versión feminina dos franciscanos varóns. Atópase ao norte da cidade, cunha sobriedade moi superior a calquera outro edificio relixioso dos estudados por nós. É obra do século XIV, xunto ao camiño de Castilla, como se lle ten chamado ata hai poucos anos.

5. O esplendor económico dos séculos XV e XVI.

O último século da Idade Media é o do pulo económico, unha vez superadas as dificultades da peste negra e a pesar das guerras de bandos protagonizadas, sobre todo, pola nobreza galega. O comercio marítimo, como ten demostrado Elisa Ferreira Priegue¹², centrouse na pesca da sardiña, da que era abundante a ría e as zonas litorais da costa xa no océano, e na exportación do viño do Ribeiro. Durante o século XVI, a vila de Pontevedra é a máis poboada de Galicia¹³, aínda tendo en conta as cidades bispais de Santiago, Lugo, Mondoñedo, Tui e Ourense.

¹¹ Enrique Sotelo, Antonio de la Peña e Juan Juega, *Pontevedra, villa amurallada*.

¹² *El comercio marítimo medieval en Galicia*, 1992.

¹³ Así o di o licenciado Molina a Felipe II.

O gremio de mareantes –e non é estraño que así sexa- medrou tanto que financiou, en parte, a construción da igrexa de Santa María a Maior sobre o solar dunha igrexa de estilo románico anterior. Trátase dunha das dúas parroquias da vila de Pontevedra na época, xunto coa de San Bartolomé¹⁴.

Santa María é unha obra comunal, froito do esforzo das xentes da ría agrupadas nun gremio de mareantes¹⁵. Pódese comparar esta obra, do século XVI, con Santa María do Mar de Barcelona (s. XIV)¹⁶.

En torno á igrexa que precedeu á actual, existente dende o século XII, desenvólvese a vila medieval de Pontevedra. Nun nicho da contraportada consérvase unha imaxe de San Pedro, acaso de época románica. A igrexa de Santa María constitúe unha das últimas mostras –das máis notables- dun conxunto de igrexas nas vilas mariñeiras de Galicia e o norte de Portugal ó longo dos séculos XI e XVI. Do país veciño, de Santiago, de Asturias, Santander e Vasconia chegan mestres canteiros e de obras que enriquecen toda a área xeográfica mariñeira e incluso as terras do interior.

O gótico tardío está presente en Santa María: naves laterais rematadas en cabeceiras rectas e contrafortes angulares, cresterías e pináculos como remates. Os piares do interior tamén son góticos, coma os nervios das bóvedas e a concepción do cruceiro con escaso resalte, o cal quedará anulado ó construírse as capelas. O gusto renacentista imponse algo máis tarde, cando a lenta construción da igrexa permita a traza das naves. Xa na segunda metade do século XVI rematará as obras o portugués Mateo López, co coro alto e a torre das campás. Este autor, cando en 1591 constrúa a fachada do mosteiro de San Martín Pinario, en Santiago, terá en conta a fachada principal de Santa María de Pontevedra. Como

¹⁴ *Archivo de Mareantes*, 1946. Museo de Pontevedra.

¹⁵ Os mareantes son a clase dirixente entre os pescadores. Eran máis de dous mil os asociados na confraría do Corpo Santo de Pontevedra a mediados do século XVI. Na época a palabra mareante referíase ó que pesca; o mariñeiro non; navega e comercia, pero non pesca; vive na vila; o mareante no arrabal.

¹⁶ Filgueira Valverde: *La basílica de Santa María la Mayor de Pontevedra*, 1988 (revista del Museo de Pontevedra).


ainda quedarán algúns elementos (dúas capelas engadidas no século XVII) podemos dicir que as obras alórganse por máis de cen anos.

En 1517 encárgase da dirección das obras Juan de los Cuetos, canteiro cántabro, que participou no Hospital Real de Santiago. En 1519 Diego Gil, autor das trazas do templo, remata a capela maior. A capela primeira do lado da Epístola é a do *Corpo Santo*. En 1522 contrátase a construción da nave sur, cando estaba xa feita a capela de San Miguel (segunda do lado do Evanxeo). En 1525 prodúcese a primeira participación dunha familia da nobreza local nas



Fachada sur de Santa María co cruceiro da praza

obras de Santa María: Juan de Berbeito inicia a construción da súa capela familiar, nomeada do *Bon Xesús* (segunda do lado da Epístola). Trátase da primeira mostra das dificultades económicas dos mareantes para levar a cabo a obra emprendida.



Monumental frenteira da igrexa

Coa morte de Diego Gil en 1539 péchase a primeira etapa construtiva de Santa María: cabeceira, catro capelas do cruceiro e os primeiros tramos das dúas naves laterais. A partir de aquí continúa as obras Cornelis de Holanda. Trátase do máis prestixioso escultor de Galicia na primeira metade do século XVI. É o autor dos retablos maiores das catedrais de Lugo e Ourense. A fachada sur de Santa María é obra súa en 1539. Logo comeza a gran fachada occidental, cedendo, pouco despois, a metade da mesma a João

Nobre¹⁷. Cornelis tamén se adica á parte arquitectónica da igrexa. Pola súa parte, Juan Pérez, mestre compostelán que participa nas obras do claustro da catedral e no colexio de Fonseca de Santiago, constrúe as naves laterais da igrexa en Pontevedra.

A terceira e última etapa construtiva está presidida pola figura de Domingos Fernández: os tres últimos tramos da bóveda central e a torre das campás¹⁸. Entón outra familia nobre, a de García Rajoo, contribúe economicamente á igrexa. Vemos que aínda non se empezou a nave central, pero en 1558 Juan Pérez, mestre canteiro de Santiago, realiza a traza dos últimos tres tramos da bóveda maior. Desta obra é o traballo do escultor Arnao: a *Virxe Branca* gardada no Museo de Pontevedra e que tivemos ocasión de ver detidamente. Este mestre flamenco ocupouse de parte do retábulo en pedra situado trala fachada principal, un dos elementos máis singulares da igrexa.



Cando João Nobre se faga cargo das obras de Santa María en 1570 a igrexa po de darse xa por rematada. Só faltan o coro alto e a torre das campás. Dúas capelas, con todo, engardíranse no século XVII, como queda dito, o que eliminará o resalte do cruceiro.


A fachada principal ata a altura do rosetón é cóncava. Logo segue unha disposición plana. Esta fachada organízase, ó igual que o Hospital Real de Santiago, con arco de medio punto enmarcado por pilastras e balaústres. As esculturas son de varios autores; máis renacentistas as do lado da Epístola; máis góticas



¹⁷ Parece que é o autor da portada sur da igrexa matriz de Caminha (no norte de Portugal). As fontes principais para esta parte son Juega Puig e Filgueira Valverde.

¹⁸ Hai dúbidas sobre a súa realización neste momento: 1549.


as do lado do Evanxeo. A composición central desta fachada é a dormición ou tránsito da virxe María (sobre a porta). Os apóstolos Pedro e Pablo ós lados da porta; doutores como San Gregorio, San Xerome, San Agostiño e San Abrosio; evanxelistas e profetas: Isaías, San Xoán Bautista e outros dous. O triunfo de María sobre a morte móstrase nos relevos superiores: a *Asunción* e a coroación pola *Trindade*. Rematando o conxunto, a crucifixión, de maneira que resalta o papel de María como mediadora ante o seu fillo (todo o contrario do defendido polos reformistas relixiosos do século XVI: Lutero, etc.). Sobre os contrafortes, San Miguel e Hércules (véxase a facilidade en mesturar elementos relixiosos con paganos: Hércules asimíllase ó fundador mítico de Pontevedra, Teucro)¹⁹.



Figuras nos contrafortes. Abaixo, Hércules




Representación da dormición ou tránsito da Virxe. Fachada maior




O Calvario coroando a fachada

¹⁹ Juan Juega Puig: *Santa María de Pontevedra*, Edit. A Nosa Terra. 2000.

O interior da igrexa foi obxecto de modificacións posteriores que os expertos xulgan desafortunadas. Véxanse os debuxos: fachada sur, monumento funerario dos Barbeito no interior da igrexa, *Virxe co neno* na portada sur, *Virxe Branca* do escultor Arnao, e escenas do Antigo Testamento na contraportada.



Porta plateresca da fachada sur





Monumento funerario dos Barbeito no interior da basílica



A virxe co neno da portada sur




A Virxe Branca



Escenas do Antigo Testamento na rica contraportada

A igrexa é de planta basilical de tres naves divididas en tres tramos. Os piares son cruciformes con columnas de fuste funicular perlado nos ángulos (algo que se pode ver no norte de Portugal máis que na propia Galicia). As bóvedas están formadas por complexas cruceiras con claves historiadas. Pódense atribuír ós planos de Diego Gil as características xerais da obra. A fachada sur adopta formas platerescas. Ós lados desta porta están as esculturas dos patróns dos mareantes: San Miguel e San Telmo. Nas pendentes, dous bustos, o do emperador Carlos e o da súa dona Isabel.



Planta da basílica




Claves historiadas de cruceira



Na mesma rúa que conducía á igrexa de Santa María atopábanse as torres arcebispais, derrubadas en 1873. No Museo de Pontevedra gárdase un debuxo de F. Sobrino onde se ve o aspecto que tiñan estas torres dende fóra da cidade. Cun aparello tosco, separadas unha da outra agás en planta, e xunto ás murallas da cidade, unha pequena mostra das cales se ve aínda dende a rúa Arzebispo Malvar. Estas torres eran a sé dos arcebispos composteláns cando visitaban Pontevedra, pero remontan a súa antigüidade á Idade Media.

6. O porto échese de area: a decadencia e o barroco.

E sen embargo é a época na que a fidalguía constrúe as súas mansións ou pazos señoriais froito das rendas que percibían do traballo alleo. Espállanse polas rúas da zona vella ou histórica: a casa reitoral de Santa María, onde vivira un dos Fonseca cando fora párroco de dita freguesía, o que hoxe ocupa o Museo de Pontevedra, fronte á praza da Leña; o pazo de García Flórez, asoportado e cun escudo de armas; o de Castro Monteagudo, construído en 1760; o de Mugartegui, na praza da Pedreira, edificado pola familia Valadares; o dos Gago e o dos Montenegro, na praza do Teucro... fóra da cidade atopamos o pazo da Parda, mansión no século XIX dos Bugallal, varios deles propagandistas do liberalismo conservador en pugna cos marqueses de Riestra.



A tipoloxía dos pazos na nosa cidade non se axusta, exactamente, ás que vemos no amplo rural galaico, pero teñen as señas de identidade das familias que os posúen e habitan: escudos nobiliarios, balconadas, chemineas, fachadas sobranceiras, ocupan un lado dalgunha praza e están labrados con perpiaños graníticos ben traballados. Ao tratarse de pazos urbanos, soen carecer de solainas, murallas, escaleiras exteriores, ameas, torreóns,

pombais e outros elementos propios dos pazos rurais: cantos fidalgos ociosos, parásitos, a maior parte deles incultos, deixaron pasar as súas horas nas súas estancias e na folganza!

A vida económica, mentres tanto, acompañaba a do país no seu conxunto: as guerras exteriores, as fames, as malas colleitas, as pestes, levaban consigo a moitos veciños humildes e traballadores, mentres a sardiña chegaba con máis dificultade a Pontevedra como consecuencia da ruína do seu porto: as mareas e certas obras levadas a cabo para dar calado á ría encheron de area o porto, de maneira que empezou a ter máis importancia o peirao de Marín e menos o de Pontevedra. Así virán os lamentos de Sarmiento na centuria seguinte (século XVIII)²⁰.

Polo demais, a arquitectura relixiosa barroca está representada en Pontevedra pola igrexa xesuítica de San Bartolomeo, de finais do século XVII. Cen anos máis tarde, o seu convento serviu de escola, industria de panos, hospicio e aínda tivo outros usos. A planta está inscrita nun rectángulo. A fachada é de dous corpos: o primeiro de tipo columnario e o segundo con torres campanario ós lados. A súa débeda co italianismo de Vignola²¹ é evidente. As columnas de orde xigante, o entaboamento dislocado, os entrantes e saíntes, a monumentalidade dos seus perpiaños, a complicación dos decorados, invitan a pensar nunha fantasía moi propia do barroco.



²⁰ Vicetto Pérez, *Historia de Galicia*, vol. 7º.

²¹ Arquitecto italiano que representa o tránsito entre o renacemento e o barroco.



Tardíamente constrúese a igrexa da Peregrina, con planta de cuncha de vieira, evocadora do símbolo santiagués para os peregrinos. Situada Pontevedra no camiño portugués a Santiago, o mesmo nome -igrexa da Virxe Peregrina- está en función da ruta. Os anos do seu comezo e do seu remate son, respectivamente, 1778 e 1794, e o seu autor foi Antonio de Souto. É unha obra representativa do tránsito entre o barroco e o neoclasicismo, consecuencia da súa serodia construción. A fachada é convexa, dividida en tres corpos: o primeiro neoclásico, máis sereno, e barrocos os outros dous debido á súa decoración.





7. A capitalidade provincial.

Con non pouco apaixonamento se tratou o tema da capitalidade provincial, non só por parte de quen se viu inmerso no debate (entre 1822 e 1840 aproximadamente), senón por quen logo historiou...²² o século XIX. Imaxinamos aos políticos tentando atraer para Pontevedra ou Vigo a capitalidade. Consultando os periódicos da época²³ puidemos ler as vivas discusións entre uns e outros. Non era para menos: segundo a capitalidade residise en Vigo ou en Pontevedra, os edificios administrativos e as inversións do goberno irían a unha vila ou outra. O mesmo título de capitalidade levaba aparellado o de cidade.

²² López de Guereñu, Luis, *Historia de Pontevedra*, séculos XIX e XX.

²³ Fondos do Museo de Pontevedra.

Coa creación das Deputacións Provinciais instituíuse a de Pontevedra. Fariña Jamardo²⁴ e M. Pereira sinalan que *Vigo no dio por finalizado el asunto que cuatro años después, en 1840, tras el asedio de Pontevedra por las tropas de Vigo y su rendición ante la bandera liberal de los constitucionalistas vigueses, Vigo se autodeclara en capitalidad*. Pode parecernos estraño que se chegase á intervención armada nun asunto como este, pero o convulso século XIX español caracterizouse polas continuas liortas entre uns e outros segundo a súa opción política ou intereses.

O palacio da Deputación de Pontevedra, situado na avenida de Montero Ríos, foi proxectado e construído por Alexandre Sesmeros nun estilo historicista (1883), moi propio da época: fachada sobria con elementos clásicos, frontón recto na parte central superior, curvos rematando as esquinas, arcos de medio punto e vans alintelados con decoración sinxela. En dous corpos, labrados os perpiaños con toda proporción, é exemplo, como o edificio para a casa Consistorial, dun gusto que sintetiza os estilos máis característicos dos séculos XVIII e XIX.

A partir deste momento comeza en Pontevedra un intenso labor administrativo no que o municipio se divíde en trece cuarteis (nove, unha por cada unha das parroquias rurais e catro na cidade). Desde 1834, a corporación municipal estivo formada por tres alcaldes: un maior, alcalde primeiro e alcalde segundo²⁵. A capitalidade, segundo varios autores (Villamil, Fortes, Guereñu) revitalizou a vida urbana e mercantil. Pontevedra non chegaría á prosperidade dos séculos XV e XVI, pero a competencia, agora, era maior, cunha industria que transformaba as vilas e atraía a moitos habitantes do rural. Pontevedra, sen embargo, limitou a súa importancia á capitalidade, dotándose así dunhas señas de indentidade na súa sociedade e fisonomía urbanas.

As fontes para coñecer a sociedade pontevedresa son as informacións dadas polos periódicos da época, estudados sobre todo por Antonio Odriozola²⁶ e J. A. Durán²⁷. Unha

²⁴ *O nacemento dos axuntamentos da provincia de Pontevedra.*

²⁵ Documentación consultada no Archivo Municipal de Pontevedra.

²⁶ *A prensa en Galicia.*

obra inédita, que pudimos consultar grazas á amabilidade da profesora Pazos Riveiro (1984) demostra que a maior parte dos industriais que dinamizaron a vida económica de Pontevedra procedían de fóra de Galicia: Venezuela, Asturias, Cataluña, provincias vascas, La Rioja e Zamora. Eran a burguesía de Pontevedra, existindo tamén dirixentes autóctonos, que participaban nas confrarías relixiosas, nas festas sociais, nas tertulias literarias... Pero segundo se ten estudado, eran poucos os burgueses ilustrados: Montero Ríos²⁸, Mugártegui, Fernández Villaverde²⁹...; outros representaban á aristocracia local, como o caso dos Riestra, Bugallal e Vega de Armijo. A maior parte da burguesía local non saía dos costumes puritanos, a vida acomodada e as súas inversións maioritarias en terras, antes que en actividades industriais. Eran os industriais de curtidos, de chapeus, de salazóns...

As festas eran ocasión para marcar as diferenzas sociais: as oficiais eran presididas polo Gobernador Civil e participaban os máis notables. Dábanse espectáculos como teatro, canto, declamación, zarzuelas, veladas literarias para os socios do liceo, só construído na segundo metade do século XIX. As festas populares, con todo, por San Sebastián en xaneiro e no verán, contaban con tómbolas, espectáculos sinxelos aos que asistía unha poboación abigarrada que vivía na vila, nas parroquias rurais e mesmo nos concellos veciños.

Imaxinamos aquela sociedade que non coñeceu a radio, a televisión, os teléfonos, os automóviles... Imaxinamos unha sociedade ancorada en costumes antigas, lonxe das novidades das grandes cidades europeas e mesmo españolas. A masa da poboación campesiña, obreira, dependente, de servidores e pequenos artesáns, funcionarios, mariñeiros, mozos, parceiros e vendedores, xornaleiros, pobres, inválidos e hospicianos, tería os seus propios códigos, mentres que as clases altas, non tanto como nas grandes cidades, gozaban de signos distintivos: o mobiliario con madeiras de castiñeiro, oliveira, cerdeira ou piñeiro, o vestiario, os libros, os obxectos de luxo, como cadros, candelabros,

²⁷ Consultamos varias obras súas pero só parcialmente: a maior parte delas tratan da sociedade galega no século XIX: *Historia de caciques...*, referida a principios do século XX; *Agrarismo y movilización campesina...*

²⁸ Profesor universitario, ministro varias veces, precursor da redención foral, xefe do Goberno a principios do século XX. Un dos seus estudosos é J. A. Durán.

²⁹ Foi ministro de Facenda entre finais do século XIX e principios do XX..

xoias. A existencia de servidume nos fogares burgueses dábase só en determinados casos³⁰. Só algúns se deron conta de que as diferenzas sociais eran o resultado da inxustiza, non do mérito ou da capacidade. E con todo, Pontevedra non foi unha cidade especialmente conflitiva, contándose enfrontamentos entre uns e outros só a partir de finais da centuria aquí estudada.

8. A modo de epílogo. [Enquisa sobre o patrimonio monumental de Pontevedra.](#)

9. Bibliografía e outras fontes.


- J. Armas Castro; *El concejo de Pontevedra en el siglo XV...*, Revista do Museo de Pontevedra, 1989.
- Fernández Villamil-Alegre, E., *Noticias sobre la fundación y desarrollo del Colegio de la Compañía de Jesús de Pontevedra*, Revista do Museo de Pontevedra, 1981.
- Elisa Ferreira Priegue; *Galicia en el comercio marítimo medieval*, 1988.
- García Braña, C., *La estructura urbana de Pontevedra*, 1988.
- González Zúñiga, C., *Descripción geográfica de la ciudad capital de Pontevedra*, 1848.
- Evaristo Rivera; *Los jesuitas en Galicia*, 1988.
- O resto da bibliografía consultada é a sinalada a pé de páxina.
- Outras fontes consultadas son as epigráficas: museo de Pontevedra (miliarios), ábsida de S. Domingos de Pontevedra, Casa do Concello de Pontevedra, copia do foro concedido a Pontevedra na súa versión confirmatoria por Alfonso X, sepulcros na igrexa de S. Francisco, en San Domingos de Pontevedra e Santa María a Maior.
- Outra documentación gráfica:
Gravados:

³⁰ Riveiro Pazos, “*As clases sociais de Pontevedra no século XIX*”, 1984.




Interior das ruínas de Santo Domingo

Interior das ruínas de Santo Domingo



Ruínas de Santo Domingo

Ruínas de Santo Domingo



Interior do templo

Interior de Santa María



San Mateo evangelista.
Fachada maior

San Mateo



San Xerome,
Fachada Maior

San Xerome



Asunción da Virxe, Detalle,
Fachada maior

Asunción da virxe



Representación da Trindade na fachada maior

Representación da trindade



San Paulo.
Fachada maior

San Paulo



San Pedro.
Fachada maior

San Pedro

Historia de Pontevedra:



Escudo da Familia Fonseca